




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 CTP	Documento 21118102PF	
Código de verificación  1427 6S07 2J6P 1Y6A 0VHG	Expediente 211/2024/439	
	Fecha 13-05-2024	

BASES REGULADORAS CONVOCATORIA CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN 2024

1. OBXECTO:

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria pública para a participación nos **“CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN 2024”**, organizados pola Concellaría de Deportes en catro (4) quendas.

O obxectivo principal consiste en ofrecer á poboación infantil e xuvenil do Concello da Coruña a promoción do deporte e hábitos de vida saudables, á vez que se facilita ás súas familias unha boa ferramenta para poder conciliar a súa vida persoal e familiar durante parte das vacacións escolares de verán.

PERSOAS BENEFICIARIAS: Poboación infantil e xuvenil con idades comprendidas entre **os 6 e os 12 anos** (nados/as entre o 01/01/2012 e o 31/12/2018). Aclárase que as persoas beneficiarias do campamento son os nenos e as nenas, non os seus titores legais ou custodios.

1.1. Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña.

2. PROGRAMA:

2.1. PROGRAMA TIPO:

HORARIO	PROGRAMA TIPO
08.30-09.00	Horario de conciliación 1
09.00-10.30	Actividade Deportiva/náutica I
10.30-12.00	Actividade Deportiva/náutica II
12.00-12.30	Merenda (deberá achegala cada participante)
12.30-14.00	Actividade Deportiva/náutica III
14.00 / 14.30	Horario de conciliación 2

2.2. ACTIVIDADES PREVISTAS:

Durante o desenvolvemento de cada quenda de campamento están previstas as actividades que se relacionan a continuación, susceptibles de variacións por razóns organizativas e/ou de seguridade: atletismo, escalada deportiva, loita e defensa persoal, bádminton, esgrima, xadrez, carreira de orientación, xogos acuáticos, actividades na natureza ou exteriores da Cidade Deportiva de Riazor (que poderán ser actividades náuticas segundo a idade). Para as actividades náuticas (vela, paddle surf, piragüismo ou similares) será imprescindible saber nadar 25 metros sen flotadores ou outros apoios no chan. Para aqueles menores que non cumpran esta condición realizaranse actividades alternativas.

2.3. LUGAR DE REALIZACIÓN: A sede principal será a Cidade Deportiva de Riazor, que se utilizará como punto de entrega e recollida de nenos e nenas. Intentaranse realizar actividades ao aire libre, para o cal se poderán desprazar a outras instalacións deportivas.

Ademais, poderanse programar excursións e andainas a puntos de interese da cidade.

Haberá autobús para realizar algunha das saídas.



3. QUENDAS: As actividades desenvolveranse de luns a venres (excluídos festivos). Establécense catro quendas:

- 3.1.1. QUENDA 1: do 1 ao 15 de xullo de 2024
- 3.1.2. QUENDA 2: do 16 ao 31 de xullo de 2024
- 3.1.3. QUENDA 3: do 1 ao 15 de agosto de 2024
- 3.1.4. QUENDA 4: do 16 ao 31 de agosto de 2024

4. PRAZAS: Ofértanse un total de **480 prazas en cada quenda, organizadas en 120 prazas por quenda.**

5. HORARIOS:

- a) **Horario xeral** das actividades: 09.00 a 14.00 horas, de luns a venres, excluídos os festivos.
- b) **Horario ampliado** de conciliación: A opción de **horario ampliado non supón un custo engadido.**
 - Entrada: Entre as 08.30-09.00 h.
 - Saída: A elixir entre:
 - 14.00 h.
 - 14.30 h.

6. PREZO: En aplicación da disposición 15.10 da ordenanza fiscal nº 15 vixente, e tendo en conta o número de sesións:

Quenda	Datas	Nº sesións	Prezo QUENDA
1ª quenda	Do 1 ao 15 de xullo	11	48,18 €
2ª quenda	Do 16 ao 31 de xullo	11	48,18 €
3ª quenda	Do 1 ao 15 de agosto	10	43,80 €
4ª quenda	Do 16 ao 31 de agosto	11	48,18 €

6.1. Redución de taxas: Poderán obter unha redución do 50% na taxa relativa a campamentos aquelas persoas que contén cuns rendementos económicos brutos per cápita, computados anualmente por todos os conceptos e por unidade familiar, que non superen o indicador público de renda de efectos múltiples vixente no momento de efectuar a solicitude.

7. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

7.1. PREINSCRICIÓNS: realizaranse os días **20, 21 ou 22 de maio de 2024** a través do formulario en liña que se colgará na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes. Non se admitirán preinscricións por outros medios.

- 7.1.1. Tendo en conta que os campamentos están dirixidos a menores de idade, serán os titores legais os que realicen a solicitude, indicando a orde de preferencia das quendas.
- 7.1.2. Cada menor só poderá constar nunha única solicitude (individual ou familiar). **No caso de rexistrar para unha mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando de oficio con esta todas as feitas con anterioridade.**
- 7.1.3. **Solicitude familiar:** para colaborar na conciliación familiar, para aqueles que desexen optar á mesma quenda de campamento, deberán cubrir un único formulario de preinscrición no que reflectirán a todos os menores, coa condición de que sexan membros da mesma unidade familiar



ou que demostren convivencia no mesmo domicilio. Neste sentido, no momento de formalizar a matrícula, deberán presentar o libro de familia ou xustificante de empadramento, segundo corresponda.

7.1.3.1. A solicitude familiar permite, nun mesmo formulario, a inscrición de ata 4 menores. No caso de superar esta cifra deberá facelo noutro formulario correlativo se desexan optar á mesma quenda.

7.1.3.2. No caso de que se presenten solicitudes-formularios diferentes, non se garante a asistencia á mesma quenda.

7.1.4. Aclárase que as persoas beneficiarias son as e os menores, por tanto **só poderán realizar a solicitude de preinscrición e a matrícula os/as titores legais ou custodios**. No caso de custodia compartida, os interesados deberán estar de acordo previamente; no caso de non acadar acordo, deberán remitirse ao Servizo de mediación de familia da Xunta de Galicia ou organismo competente, que será quen determine que custodio debe formalizar a solicitude e a matrícula.

7.2. LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITANTES: O 31 de maio de 2024, publicarase a listaxe provisional de solicitantes.

7.3. REPARACIÓN DE ERROS: Abrirase un prazo para a reparación de erros desde a publicación da listaxe provisional de solicitantes e ata o 3 de xuño. As alegacións presentaranse por correo electrónico no enderezo programasdeportivos@coruna.gal.

7.3.1. Durante o prazo de reparación de erros non se permitirá o cambio de opcións de campamento nin se aceptarán novas solicitudes. Só se poderán emendar datos persoais consignados no formulario.

7.4. LISTAXE DEFINITIVA PARA O SORTEO: O 5 de xuño publicarase a listaxe reparada de solicitantes, se procede, coa indicación do número para o sorteo, que se asignará por orde cronolóxica de chegada en orde ascendente, atendendo á marca temporal.

7.5. SORTEO: Nos supostos en que existan máis solicitudes que prazas ofertadas, o 5 de xuño, e sempre con carácter posterior á publicación da listaxe reparada, terá lugar un sorteo público para establecer a orde de adxudicación na páxina web <https://echaloasuerte.com> ou a través do procedemento de insaculación. Extraerase un número que establecerá o corte a partir do que se adxudicarán as prazas.

7.6. ORDE DE PREFERENCIA: O número agraciado no sorteo, que establecerá o corte a partir do que se adxudicarán as prazas. Para a orde de preferencia terase en conta:

- 1º As persoas empadroadas no Concello da Coruña.
- 2º A orde de preferencia da quenda indicada na solicitude (Opción 1 ou Opción 2).

As persoas que non obtivesen praza neste proceso, pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

7.7. LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAXE DE AGARDA: O 11 de xuño de 2024, publicarase a listaxe de adxudicación de prazas e listaxe de agarda.

7.7.1. Estableceranse dúas listaxes para cada quenda: listaxe de persoas admitidas e listaxe de agarda.



8. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNS:

8.1. Datas para as matrículas: As persoas que obteñan praza poderán formalizar a matrícula do 11 ao 17 de xuño de 2024, incluído, de 08.15 h a 14.00 h, acudindo á caixa de deportes do Palacio de Deportes de Riazor (rúa Manuel Murguía s/n). Terán preferencia as persoas que concerten cita previa (www.citaprevia.coruna.gal) e no seu horario. As persoas sen cita previa poderán acudir a matricularse nos horarios que queden dispoñibles. Para que a matrícula sexa efectiva deberá cubrirse a folla de matrícula e aboar a taxa correspondente.

8.2. So poderá matricularse nunha quenda. A matrícula nunha quenda supón a renuncia expresa á outra quenda solicitada. Agás que finalizada a listaxe de agarda queden prazas dispoñibles.

8.3. No caso de non formalizar a inscrición no prazo establecido entenderase que se renuncia á praza e adxudicaranse as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.

8.4. Xestión da listaxe de agarda: A partir do 18 de xuño, as persoas que obteñan praza con motivo do movemento da listaxe de agarda, recibirán un correo electrónico indicando que dispoñen de praza e o prazo para a matrícula. No caso de non formalizar a inscrición, entenderase de oficio que renuncian á praza.

8.4.1. Finalizada a listaxe de agarda, se quedan prazas libres, publicaranse na www.coruna.gal/deportes as prazas dispoñibles e datas de matrícula que se adxudicarán por orde de chegada nas oficinas da Cidade Deportiva de Riazor, terán preferencia as persoas que concerten cita na web www.citaprevia.coruna.gal (cita previa) e no seu horario. As persoas sen cita previa poderán acudir a matricularse nos horarios que queden dispoñibles

8.5. Documentación que debe acompañarse para a matrícula.

- Fotocopia do DNI (de non o ter, do Libro de Familia) e do DNI do pai/nai, titor/a.
- Para persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén deberá presentarse o documento legal que o acredite e o DNI de titor/titora.
- Documento de inscrición e matrícula.
- Só se procede: Informes médicos ou outros.

9. EQUIPAMENTO E RECOMENDACIÓNS PARA PARTICIPANTES

9.1. Indumentaria: roupa e calzado deportivo, gorra e crema de protección solar para as actividades exteriores. Para as actividades na piscina e náuticas deberán levar traxe de baño, toalla, chancletas, gorro e recoméndanse gafas de natación tamén.

9.2. Recomendacións: levar un pequeno bidón, cantimplora ou similar irrompible (non se admite de vidro) identificada co seu **nome e unha pequena merenda para tomar a media mañá**.

9.3. Enviaráselle aos participantes por correo electrónico a información relativa ao desenvolvemento da actividade.

10. OUTRAS DISPOSICIÓNS

10.1. Aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado: a formalización da solicitude de preinscrición e, se é o caso, da matrícula supón a aceptación das normas desta convocatoria.



10.1.1. As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento das bases reguladoras da convocatoria e unha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e presentarse antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

10.2. Coa formalización da matrícula a persoa solicitante e, se é o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela e dispoña da dita capacidade xurídica, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o SMD detecte falsidade nos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas.

10.3. Coa presentación da solicitude e, se é o caso, a formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.

10.4. A formalización da matrícula no Campamento Deportivo implica expresamente a autorización para traslados fóra da Cidade Deportiva de Riazor para a realización das actividades na natureza ou exteriores, que serán a cargo do Servizo Municipal de Deportes.

10.5. Se se desexa obter factura do pagamento, deberá marcarse a casa correspondente ao realizar a solicitude. A factura emitirase ao nome da persoa que faga a matrícula.

10.6. Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.

10.7. A convocatoria, bases reguladoras, as listaxes de solicitantes, as listaxes definitivas e o uso de instalacións publicaranse no taboleiro de edictos do Concello da Coruña, na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes e nos taboleiros de anuncio dos centros deportivos. Ademais, poderase obter información no teléfono 010 de atención á cidadanía.

10.8. Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto nalgunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre e cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web www.coruna.gal/deportes.

10.9. Se for necesario comunicarse a ampliación de lugar, datas e horarios de matrículas para posibles incidencias. Comunicarse na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes.

10.10. O SMD por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos/quendas e -se for necesario- deixalos sen efecto.

10.11. Os/as participantes e, de ser o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou a súa tutela, coa formalización da matrícula declara responsablemente que se realizou o oportuno recoñecemento médico e non padece ningunha enfermidade que o incapacite para practicar actividade deportiva. De incorrer en falsidade, a persoa será dada de baixa de oficio sen dereito á devolución das taxas aboadas.

Se padece algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica deportiva deberá achegar un informe médico dirixido ao SMD no momento da súa matrícula.

No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida estar nalgunha destas circunstancias, o SMD poderá requirirille expresamente a achega do certificado médico ou documento equivalente.

10.12. As persoas con discapacidade poderán solicitar praza, tendo en conta o seguinte:



- 10.12.1. Son actividades grupais.
- 10.12.2. No documento de matrícula indícaranse o tipo e grao de discapacidade e se a persoa é dependente ou non.
- 10.12.3. As persoas que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude. A súa inclusión no campamento canalízase pola coordinación das EDM (oficina de coordinación no Palacio de Deportes de Riazor) procurando entre ambas as partes os recursos precisos para facilitar a práctica deportiva.
- 10.12.4. En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.

10.13. Baixa na actividade: no caso de querer causar baixa, deberase solicitar expresamente, por rexistro de entrada. Segundo o artigo 8 da dita ordenanza (OF 15): *“Esixirase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso...”*

10.14. Serán de aplicación a Normativa de uso das instalacións deportivas, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades. Aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de Xullo de 2007.

10.15. O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

10.16. O Concello, a través da empresa concesionaria do contrato de servizos das EDM, dispón dun servizo gratuito de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para o alumnado das escolas deportivas que sufra un accidente durante as actividades e como consecuencia de levar a cabo a actividade incluída na programación prevista. En ningún caso a prestación deste servizo suporá recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta Administración de implantar unha práctica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.

10.17. Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña en calidade de Responsable de Tratamento con enderezo en María Pita, 1 15001 A Coruña, coa finalidade de xestionar a prescrición, rexistro e desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade do cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos pódense conservar, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, investigación científica e histórica ou fins estatísticos. Os seus datos comunicaranse a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, entidades aseguradoras, outros órganos da Administración local e profesionais ou entidades adxudicatarias da prestación do servizo. Para o caso de que a contratación implique o acceso do contratista a datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante, aquel terá a consideración de encargado do tratamento, como se indica na disposición adicional vixésima quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

10.18. O interesado poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, ou ben mediante



Concello da Coruña

solicitude na sede electrónica <https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/detalle-de-procedementos/exercicio-de-dereitos-sobre-os-datos-de-caracter-persoal/contenido/1453762232714?argIdioma=gl>, no seu caso poderá poñerse tamén en contacto coa persoa Delegada de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal ou presentar unha reclamación, se así o considera, ante a autoridade de control

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A xefa de Deportes
María del Carmen Tapia Porto

Conforme
O xefe de servizo de Deportes
Pablo Castedo López

RESUMO DOS PRAZOS DO PROCEDEMENTO

TRÁMITE	DATAS
Presentación de solicitudes (preinscricións)	20, 21 e 22 de maio de 2024
Listaxe provisional de solicitantes	31 de maio de 2024
Reparación de erros	Desde a publicación da listaxe provisional e ata o 3 de xuño de 2024 no correo electrónico programasdeportivos@coruna.gal
Listaxe definitiva para o sorteo	5 de xuño de 2024
Sorteo (de ser necesario)	5 de xuño de 2024
Listaxe de adjudicación de prazas e listaxe de agarda	11 de xuño de 2024
Matriculación das persoas admitidas	Do 11 ao 17 de xuño de 2024 nas oficinas do PALACIO DE DEPORTES DE RIAZOR (rúa Manuel Murguía s/n)
Xestión da listaxe de agarda	A partir do 18 de xuño de 2024